Padrón

Exmo. Concello de Padrón
CIF P-1506600 D
Rúa Longa 27
15900 - Padrón (A Coruña)
www.concellodepadron.es
Tfno: 981810451
Fax: 981811550

ANUNCIO: NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL INTERINO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO DE TURISMO DO CONCELLO DE PADRÓN.

En cumprimento do establecido na base 14.1 das que rexeron o procedemento de selección número 04/2010-PLT convocado por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión realizada o 29 de xuño de 2010, para a provisión dun posto de técnico de turismo do Concello de Padrón, en réxime de dereito laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, faise público que por Resolución do Alcalde do 5 de outubro de 2010 adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro. Nomear persoal laboral interino do Concello de Padrón a don **Alberto Rey Castro**, con documento nacional de identidade número **44837953M**, ao ter obtido a maior puntuación no concurso-oposición convocado por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión ordinaria realizada o 29 de xuño de 2010, para a provisión dun posto de técnico de turismo do Concello de Padrón, en réxime de dereito laboral temporal.

Segundo. Facer público o presente nomeamento mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Padrón e na páxina web do mesmo e formalizar co interesado, no prazo máximo de 3 días hábiles, contados desde a última publicación, o correspondente contrato laboral de interinidade, de duración igual ao tempo que dure o poceso de cobertura da praza do mesmo nome con carácter definitivo, a xornada completa, previa presentación por aquel da documentación enumerada na base 14.2. das que rexen este proceso.

Terceiro. A presente resolución pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderase interpor, potestivamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Caurto. Dar traslado da mesma aos servizos de Intervención e Tesourería e ao Comité de Empresa do Concello de Padrón e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 5 de outubro de 2010.

O Alcalde,

Asdo. Camilo Forján Seoane.